

MANUAL DA COMPOSTAXE NA CASA

A COMPOSTAXE NA CASA

A compostaxe axuda a reducir o lixo que botamos e crea un bo abono para o solo. Promover a compostaxe nas casas é promover formas de vivir máis sostibles.

Este manual forma parte do proxecto de promover a compostaxe nas casas, unha iniciativa do Concello de Redondela. Para máis información sobre o proxecto ou para participar, pregunta no concello ou contacta con:

Concello de Redondela
Concellaría de Medio Ambiente
(986) 400300



CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE
CONCELLO DE REDONDELA



RECICLA OS TEUS REFUGALLOS DOMÉSTICOS.....



.....OBTÉRÁS MELLORES FROTTOS

Redondela é
Medio Ambiente

Redondela é
Medio Ambiente

10 SEPARAR.. Onde vai cada cousa?



PAPEL E
CARTÓN



ENVASES DE
PLÁSTICO,
METÁLICO
E BRICK



VIDRO



MATERIA
ORGÁNICA



MEDICAMENTOS
E OS SEUS
ENVASES
PUNTO SIGRE NAS
FARMACIAS



RESTOS
MATERIAL NON
RECICLABLE



ROUPA,
CALZADO
E OUTROS
PODEN SER ENTREGADOS
NO CONCELLO OU EN
CONTEDORES DAS
ENTIDADES COLABORORA



ACEITE
DOMÉSTICO



SERVIZO
GRATUÍTO DE
RECOLLIDA DE
ÉNSERES
DOMÉSTICOS
900 720 190
(TELÉFONO GRATUITO)

URBASER


Tlfnº: 986 40 80 34

CONTIDOS


1. Por que?
2. Que é a compostaxe? Que é o compost?
3. Onde compostar.
4. Que lle podemos botar ao composteiro.
5. Tipos de composteiros: Prefabricados e de autoconstrucción.
6. Como coidar a compostaxe
7. En resumo...
8. Como utilizar o compost
9. Posibles dificultades e solucións
10. Separar...Onde vai cada cousa?

1 POR QUE?

REDUCIR O PROBLEMA DO LIXO



Os residuos orgánicos poden ser unha riqueza se os sabemos aproveitar. Son aproximadamente o 45% da nosa bolsa do lixo.



UN BÓ ABONO

Un solo fértil ten que ter, necesariamente, materia orgánica. O compost é un produto fertilizante que podemos producir nós na casa, xerando as condicións axeitadas e conseguilo en menos tempo do que se faría de xeito natural.

Engadindo o compost, o noso solo estará mais san e equilibrado, reterá máis humidade no verán e terá nutrientes abondo para alimentar as plantas

8 COMO UTILIZAR O COMPOST

Un compost maduro ten un aspecto uniforme, de cor escura, olor a terra e podemos empregalo de varias maneiras:

- Na horta ou no xardín, mesturando ca capa superficial da terra ou deixándoo en superficie (tamén nos alcouves), entre 1 e 5 kg/m.
- Para macetas, sendo 1/3 do substrato como máximo.

Calquera época do ano é boa para usalo, se o fas na plantación o éxito na plantación será maior.


Ademais, a longo prazo o solo volverase máis fértil e productivo, creando un ecosistema en equilibrio.

9 POSIBLES DIFICULTADES E SOLUCIÓNS


DIFICULTADE	CAUSA	SOLUCIÓN
Non acada as temperaturas	Morea moi pequena	Continuar achegando material
	Moi húmido	Aportar material seco e remexer
	Moi seco	Regar
	Moito material estruturante	Mesturar con máis refugallos da cociña
Hai cheiro	Exceso ou falta de humidade	Máis material estruturante ou regar
	Compactación	Máis material estruturante e voltear
Presenza de mosquitos	Exceso de humidade	Máis material estruturante e remexer
Enchoupamento/lixiviados	Chóvelle ao compost	Protexelo da chuvia

7 CADRO RESUMO

1. Comezamos botando unha capa de material estruturante, restos de podas, roces, terróns, malas herbas, follas secas.
2. Seguimos botando os restos de cociña, mesturándoos coa capa superficial e tapando co material estruturante seco.



3. Cando o composteiro estea cheo, podemos ir sacando o material maduro da parte inferior. Se o composteiro é caseiro sen apertura inferior, tamén podemos abri-lo, voltealo e deixalo que o compost se estableza unhas 4-8 semanas máis.




2

QUE É O COMPOST? QUE É A COMPOSTAXE?

En condicións normais, toda a materia orgánica descomponse naturalmente co tempo. Fungos, bacterias e outros microorganismo encárganse do proceso biolóxico de descomposición deste material.


Na compostaxe, os refugallos orgánicos, descompóñense en presenza de auga e aire, elementos necesarios para que este proceso suceda correctamente e non produza fermentación anaerobia con malos cheiros.

As altas temperaturas acadadas, e o propio proceso, hixienizan todo o material.



3 ONDE COMPOSTAR

Para fabricar compost, precisamos ir amoreando os refugallos nun lugar. Un composteiro é simplemente un contedor que permite unha boa aireación da morea e que ademais nos axuda a telo ordenado. Non precisa un grande investimento de diñeiro: pode ser un modelo prefabricado ou de autoconstrución. Máis adiante propoñemos algúns modelos.



LOCALIZACIÓN DO COMPOSTEIRO.

Este é un punto de importancia, xa que debe estar nun sitio:

1. Preto da casa, xa que iremos botar restos cada dous días aproximadamente.
2. Se pode ser, baixo unha árbore de folla caduca
3. Sobre terra (sen pavimento). Idealmente, ao abeiro do vento e onde teñamos algún xeito de evitar os excesos de auga da chuvia.

HUMIDADE


O material que compostar debe ter arredor dun 40-55% de humidade, se o collemos na man debemos notalo húmido, mais non debe pingar se o apertamos. Se temos moita auga, debemos voltear engadindo material estruturante; se temos pouca, deberemos regar.

AIREACIÓN

O proceso da compostaxe depende da presenza do aire. Para asegurar isto no noso composteiro, de cando en vez temos que remexer.

Despois, tapámola de novo.

O Compost vai madurando nas capas próximas ao solo e aquí as miñocas xa se encargan de seguir aireando e procesando o material máis vello. Mentres, seguimos achegando restos orgánicos, mesturándoos e remexéndoos nas capas superiores.



REMATE E ALMACENAMENTO

Despois duns meses (variable en funcións do ritmo de enchido, das temperaturas que acade o proceso, do tipo de restos orgánicos...) podemos retirar o compost para usalo ou almacenalo para máis adiante.

6 COMO COIDAR A COMPOSTAXE

COMEZAMOS!

Debemos comezar cun material que permita a aireación, restos de poda, terróns, broza.


Despois de 10-20 cm, podemos botar xa os refugallos da casa. A idea é ir mesturando material fresco, material estruturante.



TEMPERATURA

O proceso de compostaxe eleva a temperatura durante uns días logo de botar a materia orgánica.

Se non sucede isto pode ser necesario regular a humidade, a aireación ou axustar a mestura de material fresco e estruturante.



4 QUE LLE PODEMOS BOTAR AD COMPOSTEIRO?


A compostaxe necesita diferentes tipos de ingredientes para funcionar. Para manter as condicións de humidade, de aireación e de nutrientes que necesitan os microorganismos precisamos de cantidades máis ou menos iguais de material fresco e de material estruturante.

Pocedemento: botamos o material fresco, remexémolo e o tapamos co material estruturante.

REFUGALLOS FRESCOS

RICOS EN NITRÓXENO, RÁPIDA DESCOMPOSICIÓN

- Restos de cociña
- Restos verdes da horta
- Cespede, follas frescas
- Estércol de animais
- Papel sen brillo (pouco)
- Boralla (poucas cantidades)



MATERIAL ESTRUTURANTE

RICOS EN CARBONO, LENTA DESCOMPOSICIÓN

Restos de poda
Viruta

Estrume (toxos, fentos...)

Cartón (poucas cantidades)

NON BOTAR!

- Cueiros
- Filtros de cigarros
- Revistas de cor / papel con brillo
- Textidos sintéticos
- Plásticos, pilas, medicamentos

5 TIPOS DE COMPOSTEIRO

FAINO TI!


COMPOSTEIRO DE AUTOCONSTRUCCIÓN

Composteiro cilíndrico de malla galvanizada electrosoldada

Usa un tamaño de malla que non pase dos 4 cm, cun arame con máis de 1 mm de grosor, para que teña suficiente rixidez.

Usando unha malla de 2 a 2,5 metros podemos facer un cilindro de 65 cm de diámetro. É unha capacidade suficiente para varios meses. Unindo os extremos da malla cunhas bridas ou arames finos, temos o cilindro. Cando queiramos voltealo, só temos que desfacer a unión e quitar a malla.

Barato, cómodo, duradeiro e funciona ben se o protexemos dos excesos de chuva.



Redondela é Medio Ambiente



COMPOSTEIRO PREFABRICADOS


A maioría que hai no mercado son de PVC. Poden ser encartables de forma cadrada ou cilíndricos. Sempre teñen medidas que se aproximan a 75 x 75 x 75.

Son limpos, duradeiros e garanten unhas boas condicións de humidade, xa que, ao teren tapas, non deixan que a chuva molle os refugallos.

Outros posibles deseños

Cun pouco de imaxinación e xeito podemos facer un composteiro de moitos materiais e formas, mais debemos respectar unhas medidas aproximadas e unhas condicións. Para permitir unha aireación das zonas do medio da morea non podemos pasar de 1 metro de ancho. Tampouco debemos enchelo máis de 80 cm.

Na construción debemos ter en conta que teña unha capacidade apropiada á casa e tamén que ao cabo de tres ou catro meses de acumulación cómpre voltealo e comezar outra morea.



Composteiro de madeira e malla electrosoldada

Facendo 4 cadros de táboa de madeira e fixando con grampas unha malla (pode ser como no caso anterior) facemos un recipiente cúbico, de dimensións próximas a 70 x 70 x 70 cm. Os marcos podemos unilos nas esquinas con bridas plásticas, arame ou puntas.

Dá máis traballo facelo co cilíndrico, pero a rixidez proporciona maior facilidade para cubri-lo e un mellor aspecto.

